

**MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 6509 ESCUADRO-SILLEDA, DO P.K. 4+640 Ó P.K. 5+200 (SILLEDA)**

SITUACIÓN: E.P. 6509 ESCUADRO – SILLEDA (SILLEDA)

PROMOTOR: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

**MEMORIA EXPLICATIVA****1. ANTECEDENTES**

Dentro da extensa rede de estradas pertencentes á Deputación de Pontevedra, atópase a E.P. 6509 ESCUADRO - SILLEDA no Concello de Silleda.

Na actualidade, a partir do P.K. 4+640 a estrada mencionada sofre unha redución de sección, atopándonos os últimos 550 metros da estrada cun ancho de firme reducido, así como un deterioro importante do firme existente, inexistencia de sinalización horizontal, falta de elementos para mellorar a drenaxe superficial da vía, etc.

A maiores, debido aos temporais de choiva acaecidos nos pasados meses, existe un desprendemento de terreo na marxe esquerda do P.K. 4+730, zona onde existe unha obra de drenaxe transversal de diámetro 600 mm que permite canalizar e cruzar un regato da parte dereita á esquerda da vía.

Estes desprendementos de terra producíronse sen chegar a deteriorar o firme existente, pero deixando a situación moi perigosa ante posibles desprendementos de terreo futuros.

Debido ó mencionado anteriormente , a Deputación de Pontevedra vese na obriga de realizar unha actuación para mellorar a seguridade vial desde o P.K. 4+640 ata o final (P.K. 5+200) da estrada E.P. 6509 ESCUADRO – SILLEDA.

**2. OBXECTO DO PRESENTE PROXECTO**

O obxecto deste orzamento é a mellora da seguridade vial desde o P.K. 4+640 ata o final (P.K. 5+200) da estrada E.P. 6509 ESCUADRO – SILLEDA.

Dita actuación consistirá en:

- 1) Execución de ensanche da vía 0,50 metros a cada lado, obtendo así un ancho de firme total de 5,50 metros.  
Dito ensanche consistirá no saneo de 0,50 metros do sobreancho de terra existente na actualidade, escavando 80 cm de profundidade e realizando un recheo mediante 0,50 metros de cachote e 0,30 metros de grava 40/70, aplicando despois unha rega semiprofunda con emulsión bituminosa catiónica C65B3 TRG (ECR-2) e 18 l/m<sup>2</sup> de árido grueso (tipo A 16/8), unha rega de adherencia C60B3 TER e pavimentando a subbase con 7 cm de mezcla bituminosa AC 16 SURF 50/70 S.
- 2) Execución de saneo do firme e subbase que se atopa en moi mal estado na actualidade.  
Dito saneo consistirá na demolición de 0,50 metros de ancho do firme existente a ambos lados, saneo da subbase mediante escavación de 80 cm de profundidade e recheo mediante 0,50 metros de cachote e 0,30 metros de grava 40/70, aplicando despois unha rega semiprofunda con emulsión bituminosa catiónica C65B3 TRG (ECR-2) e 18 l/m<sup>2</sup> de árido grueso (tipo A 16/8), unha rega de adherencia C60B3 TER e pavimentando a subbase con 7 cm de mezcla bituminosa AC 16 SURF 50/70 S.
- 3) Pavimentación do firme existente, realizando en todo o ancho do firme un varrido previo, para posteriormente aplicar unha rega de adherencia C60B3 TER, regularizar a zona mediante 2 cm de mezcla bituminosa AC 16 SURF 50/70 S, aplicar unha segunda rega de adherencia C60B3 TER e finalmente pavimentar con unha capa de firme de 5 cm de mezcla bituminosa AC 16 SURF 50/70 S.
- 4) Colocación de dous Redutores Físicos de Velocidade de Vehículos (RFVV) nos puntos indicados no plano, contemplando tanto a colocación do RFVV como a sinalización horizontal e vertical correspondente, limitando a velocidade da zona a 30 Km/h.
- 5) Execución da sinalización horizontal e vertical necesaria en todo o tramo indicado, contemplando o pintado das líneas do centro e os marxes da estrada mediante pintura acrílica en base acuosa, os símbolos dos STOP, cebreados, etc, existentes, e a sinalización vertical necesaria mediante sinais de aceiro galvanizado.
- 6) Mellorar o drenaxe superficial da vía mediante execución de cunetas revestidas de formigón con 10 cm de espesor, remontables, en forma de "L", de sección libre 1,00 metro de ancho e 0,10 m de profundidade, con prolongación da cuneta de formigón uns 50 cm aproximadamente ata límite de fachada, segundo deseño de planos, actuando nas zonas indicadas no plano "3. Planta de actuación".
- 7) Mellorar a seguridade mediante a substitución das cunetas existentes en "V", moi perigosas en caso de saída da vía dun vehículo, por cunetas remontables, en

forma de "L", de sección libre 1,00 metro de ancho e 0,10 m de profundidade, con prolongación da cuneta de formigón uns 50 cm aproximadamente ata límite de fachada, segundo deseño de planos, actuando nas zonas indicadas no plano "3. Planta de actuación".

- 8) Mellorar o drenaxe superficial da vía mediante o desbroce e reperfilado das cunetas existentes en terra desde o P.K. 4+640 ata o P.K. 4+760.
- 9) Execución de muro de mampostería de 23 metros de lonxitude para o sostemento da plataforma da estrada, solucionando así o desprendemento de terras existente na actualidade na marxe esquerda do P.K. 4+730, eliminando desta forma o perigo de producirse desprendementos de terreo futuros.

### **3. CUMPRIMENTO DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO**

O proxecto desenvólvese sobre un viario de titularidade da Deputación de Pontevedra, en zonas cuxas marxes están clasificadas dentro das Normas subsidiarias de planeamento de Silleda como solo rústico. Polo tanto son de aplicación as ordenanzas da protección e uso de estradas da Deputación Provincial e as ordenanzas municipais e normativa do PXOM de Silleda.

### **4. AFECCIÓNS AO PATRIMONIO E AO MEDIO AMBIENTE**

Desde o punto de vista do Patrimonio Cultural, aparecen na contorna do ámbito da obra elementos do patrimonio arqueolóxico (Castros Eira dos Mouros), catalogado no PXOM de Silleda como solo rústico de protección para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico, con número de ficha 30.55 e identificación de ficha de patrimonio GA36052042, actuando nunha zona cun grao II,2 de protección.

A obra delimitase ao dominio público da estrada provincial, actuando só a nivel superficial, mellorando a contorna mediante a pavimentación do firme existente nun viario completamente consolidado no municipio de Silleda, polo que non se prevén afeccións ao patrimonio. Con todo, no Anexo "Patrimonio Cultural" valóranse os impactos e propóñense, no seu caso, as medidas correctoras.

Desde o punto de vista medio ambiental, as actuacións que contempla o proxecto non están recollidas nos anexos I ou II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non é necesaria a tramitación ambiental do proxecto.

En canto á afección ao curso de auga que cruza a estrada pola obra de drenaxe, non se modifica o curso nin a sección da ODT.

## 5. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Ao seres o orzamento da obra inferior á cantidade de cincocentos mil euros (500.000 €) non se fai necesaria a clasificación do mesmo, en cumprimento da Lei 14/2013, de 27 de Setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

## 6. ORZAMENTO

O orzamento de execución material do presente estudo ascende á cantidade de **NOVENTA E CATRO MIL SEISCENTOS SESENTA E UN EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (94.661,40 €)**, sendo o orzamento de contrata de **CENTO TRINTA E SEIS MIL TRESCENTOS DOUS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (136.302,94 €)**.

## 7. PRAZO DE EXECUCIÓN E GARANTÍA

O prazo de execución das obras será de **DOUS MESES (2)** para a realización do conxunto das obras a partires da data de replanteo. O prazo de garantía será de UN ANO a partires da recepción das obras.

## 8. DOCUMENTOS

O presente traballo consta dos seguintes documentos regulamentarios:

DOCUMENTO Nº1.- MEMORIA

ANEXO I: Situación actual e Reportaxe fotográfica

ANEXO II: Topografía e Replanteo

ANEXO III: Xeoloxía e Xeotecnia

ANEXO IV: Patrimonio Cultural

ANEXO V: Necesidade de ocupación

ANEXO VI: Estudo de Xestión de Residuos

ANEXO VII: Estudo Básico de Seguridade e Saúde

ANEXO VIII: Plan de obra

ANEXO IX: Xustificación de prezos

DOCUMENTO Nº2.- PLANOS

DOCUMENTO Nº3.- PREGO DE PRESCRIPCIÓN S TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº4.- MEDICIÓN S E ORZAMENTO

## **9. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 123 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO**

O presente Proxecto de Construción contén os documentos necesarios de acordo co disposto no artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do Sector Público.

## **10. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA**

O presente proxecto cumpre o sinalado no artigo 125 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por constituír unha obra completa, entendéndose por tal a susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das posteriores ampliacións de que posteriormente poidan ser obxecto e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

Pontevedra, abril de 2017

O enxeñeiro autor do proxecto

O Director do Servizo de Mobilidade

Fdo.: Jaime David Ruibal de Sola

Fdo.: Daniel Romay Díaz